

Módulo I: Introducción



Módulo I: Introducción

1. Que son as boas prácticas ambientais.

As Boas Prácticas Ambientais pódense definir como aquelas accións que pretenden reducir o impacto ambiental negativo que causan o procesos produtivos a través de cambios na organización dos procesos e as actividades. A implantación de **Boas Prácticas Ambientais debe ser asumida pola empresa, entendida na súa globalidade, previamente á súa aplicación.**

A utilidade das Boas Prácticas débese á súa simplicidade e baixo custo, así como aos resultados rápidos que se obteñen, son moi útiles e sinxelas de aplicar.

- Como resultado da implantación das Boas Prácticas conseguirase:
- Reducir o consumo e o custo dos recursos (auga, enerxía, etc.)
- Diminuír a cantidade de residuos producidos e facilitar a súa reutilización.
- Reducir as emisións á atmosfera, os ruídos e as verteduras de augas.
- Mellorar a competitividade da empresa.

Os conceptos e as boas prácticas ambientais que se propoñen neste documento son moi útiles e sinxelos de aplicar. Ademais, xeran moi bos e rápidos resultados polo que se contribúe de xeito activo ao **Desenvolvemento Sostible.**

Este manual pretende sensibilizar sobre a afección que xeramos ao **medioambiente**, dende as nosas profesións máis comúns, achegando solucións mediante o coñecemento da actividade e a proposta de prácticas ambientais correctas.

2. Aspectos ambientais. Introducción ao concepto de Medio.

Unha definición actual de Medio podería ser a seguinte:

"Sistema global constituído por elementos naturais e artificiais de natureza física, química ou biolóxica, socioculturais e as súas interaccións, en permanente modificación pola acción

humana ou natural e que rexe e condiciona a existencia e desenvolvemento da vida nas súas múltiples manifestacións"

Tamén podemos entender por medio Ambiente:

"Conxunto de todas as condicións externas que inflúen sobre a vida, o desenvolvemento e, en última instancia, a supervivencia dun organismo".

Durante miles de anos o home foi cazador e colleiteiro e o seu impacto sobre a natureza foi leve. Co inicio da agricultura comezou a talla de bosques e desta forma e de xeito paulatino o ser humano foi modificando o ámbito.

Pero na segunda metade do século XX encontrámonos, de forma un tanto inesperada cunha nova situación:

- Un aumento nas comodidades e confort.
- Importantes problemas ambientais xurdidos da sobreexplotación dos recursos e contaminación derivada das actividades humanas e industriais.

O aumento/gravidade dos problemas ambientais fixo que a opinión pública teña unha preocupación cada vez maior polos bens comúns da humanidade, obtendo unha visión global da terra.

O concepto de Medio foi evolucionando de tal forma que se pasou de considerar fundamentalmente os seus elementos físicos e biolóxicos a unha concepción máis ampla na que se destacan as interaccións entre os seus diferentes aspectos, poñéndose o acento na vertente económica e sociocultural.

Polo tanto, hoxe en día identifícanse como ambientais non só os problemas clásicos relativos á contaminación, verteduras, etc., senón tamén outros máis ligados a cuestións sociais, económicas, culturais..., relacionadas en definitiva co modelo de desenvolvemento. Esta nova visión do medio é moi positiva xa que estudando os problemas sociais, culturais e políticos dunha sociedade e modificando determinados comportamentos, hábitos e dinámicas, se pode conseguir cambios de actitudes que darán lugar a un interese polo medio que impulse a participar activamente na súa protección e mellora; conseguindo entre todos un equilibrio entre o home e o ámbito no que vive e do que depende.

Desta forma búscase a causa da problemática ambiental; en definitiva, téndese cara á prevención modificando formas de actuar en lugar de corrixir os danos unha vez causados.

De feito, actualmente a idea de Medio encóntrase intimamente ligada á de desenvolvemento e esta relación resulta crucial para comprender a problemática ambiental e para achegarse á idea dun desenvolvemento sostible que garanta unha axeitada calidade de vida para as xeracións actuais e para as futuras.

3. Termos e definicións que debes coñecer.

Acuífero

Formación xeolóxica que contén auga no seu interior en cantidade apreciable e que permite a circulación desta.

Burato de ozono

Diminución do espesor da capa de ozono. É máis acusado na atmosfera sobre o continente antártico.

Biodiversidade

Diferentes tipos de organismos vivos existentes nun medio determinado.

Bioenerxía

Forma de enerxía renovable que se obtén mediante a transformación química de biomasa.

Biomasa

Combustible enerxético que se obtén de produtos biolóxicos, como vexetais ou esterco.

Quentamento global

Aumento da temperatura media da terra debido ao uso de combustibles fósiles e a outros procesos industriais que producen gases de efecto invernadoiro.

Cambio climático

Variación das condicións meteorolóxicas a escala global, achacable á influencia do home sobre o medio. O efecto máis notable é o quentamento global.

Capa de ozono

Capa da atmosfera na que se concentra gran cantidade de ozono (O₃) que actúa como filtro protector de radiación ultravioleta.

Contaminación

Alteración das condicións normais dun medio a través de axentes físicos, químicos ou biolóxicos alleos ao mesmo que causa efectos nocivos sobre o medio.

Contaminación acústica

Alteración das condicións dun medio debida a fontes de son excesivamente fortes ou desagradables.

Contaminación lumínica

Perda da visión do ceo nocturno polas numerosas fontes de iluminación nos núcleos urbanos.

Contaminación térmica

Quentamento dun medio por efecto dun proceso produtivo. Un exemplo é a utilización da auga dun río no circuíto de refrixeración dunha central térmica que a devolve varios graos máis quente do que a tomo. O aumento de temperatura da canle pode afectar ao ecosistema do río.

Contaminante

Substancia que, introducida nun medio (aire, auga, chan ou alimentos), modifícao e pode resultar tóxica e perigosa para a saúde dos seres vivos.

Decibelio

Unidade de medida da potencia acústica, cuxa abreviatura é dB. Os niveis máis baixos que pode detectar o oído humano son da orde de 10 dB, a partir de 65 dB considérase que o nivel é incomodo e en 130 dB sitúase o nivel da dor.

Deforestación

Perda dos bosques nun lugar determinado. Aplícase tamén á perda de vexetación.

Delito ecolóxico

Conduto que atenta contra o medio.

Desalgar

Eliminar o sal da auga do mar. É un proceso que se usa para garantir o abastecemento de auga en determinadas zonas.

Desenvolvemento sostible

Satisfai as necesidades do presente sen comprometer as necesidades das xeracións futuras.

Desertización

Perda de vexetación dunha zona, converténdoa nun deserto. A orixe céntrase na acción do home (pastoreo abusivo, cultivos, incendios forestais, etc.).

Desertización

Perda de vexetación dunha zona, converténdoa nun deserto. A súa orixe está en causas naturais (ventos, erosión, cambios da canle dun río...).

Dióxido de carbono

Gas cuxo símbolo químico é CO₂ e que procedente maioritariamente da combustión de produtos orgánicos. É o principal causante do efecto invernadoiro.

Ecoloxía

Ciencia que estuda as relacións dos seres vivos entre si e co medio no que viven.

Ecosistema

Conxunto de relacións entre os seres vivos e o medio no que habitan.

Ecotaxa

Imposto para gravar as fontes que producen contaminación e residuos.

Efecto invernadoiro

Quentamento global producido pola maior absorción de calor da superficie terrestre e a imposibilidade de desprenderse deste. O mecanismo é o mesmo que eleva a temperatura nun invernadoiro dedicado ao cultivo.

Enerxías limpas ou renovables

Fontes de enerxía, alternativas ás tradicionais, cuxo impacto ambiental é mínimo.

Comprenden, entre outras: a enerxía solar, a hidroeléctrica, a eólica, a xeotérmica, a hidráulica e a procedente da biomasa.

Erosión

Perda do chan a causa de axentes externos (chuvia, vento).

Hábitat

Espazo xeográfico cunhas condicións determinadas no que vive unha especie animal ou vexetal.

Impacto ambiental

Efectos sobre o medio das actuacións que levamos a cabo.

Chuvia ácida

As emisións á atmosfera de gases produto da combustión adoitan conter dióxido de xofre, que ao alcanzar as nubes se pode transformar primeiro en trióxido de xofre e logo en ácido sulfúrico, unha substancia extremadamente corrosiva. As nubes vólvense ácidas e cando se produce a chuva, esta pode chegar a ser ata mil veces máis ácida do normal. Os chans vólvense ácidos, acabando cos nutrientes vexetais. Os metais, como o mercurio e o cadmio, actívanse, producindo contaminación.

Marea negra

Contaminación por cru do mar, debido a unha gran vertedura de hidrocarburos líquidos.

Medio

Conxunto de compoñentes físicos, químicos, biolóxicos e sociais capaces de causar efectos directos ou indirectos, a curto ou longo prazo, sobre os seres vivos e as actividades humanas.

Paliativo

Encamiñado a curar algo.

Potabilizar

Converter a auga en apta para o consumo humano.

Prevenición

Preparación de antemán para evitar un efecto indeseable.

Punto limpo

Espazo habilitado polo Concello para que se depositen de forma gratuíta os residuos

especialmente contaminantes ou de difícil manipulación polo seu volume, como poden ser baterías de coche, aceite de motor, pneumáticos usados, electrodomésticos... xerados polos cidadáns.

Reciclaxe

Transformación que sofre un material ou produto para ser reincorporado a un ciclo de produción ou de consumo.

Recurso natural

Elemento que se encontra na natureza e que o home é capaz de aproveitar para cubrir as súas necesidades.

Repoboar

Reimplantar artificialmente un ecosistema con especies cuxo número se viu drasticamente reducido.

Residuo

Resto ou refugallo que queda despois de finalizar o uso dunha cousa.

Residuos agrícolas e gandeiros

Proceden do ámbito agrícola ou gandeiro. Adoitan ser máis agresivos cos chans debido ás altas concentracións de aboamentos e pesticidas que os acompañan.

Residuos citotóxico

Restos que conteñen medicamentos tóxicos para as células xa que poden xerar tumores, e o material que estivese en contacto con eles.

Residuos domésticos

Prodúcense en xeral na casa. Adoitan considerarse os menos perigosos de todos, pero ao mesmo tempo son os máis abundantes.

Residuos industriais

Proceden de determinadas industrias e os seus procesos produtivos. Adoitan ser perigosos.

Residuos inocuos

Non teñen grandes implicacións no medio nin na saúde das persoas debido sobre todo á súa rápida degradación.

Residuos radiactivos

Proceden de materiais con compoñentes radiactivos. Son os máis perigosos, polos seus graves efectos sobre a saúde e porque tardan en degradarse moito tempo.

Residuos sanitarios

Xéranse nos centros sanitarios e caracterízanse pola posibilidade de entrar en contacto con contaminantes biolóxicos.

Residuos tóxicos

Poden ter efectos nocivos sobre o medio ou a saúde das persoas a curto, medio ou longo prazo. Requiren tratamentos específicos e controlados.

Residuos urbanos

Proceden da actividade cotiá nun núcleo de poboación.

Reutilización

Reincorporación dun produto a un ciclo produtivo ou de consumo sen transformalo.

Transxénico

Ser vivo concibido artificialmente mediante técnicas de enxeñaría xenética.

Vertedoiro tradicional controlado

Lugar no que se recollen os lixos e se tratan axeitadamente. Os elementos orgánicos convértense en aboamento e os inorgánicos son incinerados, polo xeral.

Vertedoiro valorizado

Lugar de recollida de lixos no que se aplican tratamentos específicos aos residuos considerados potencialmente perigosos.

Zona verde

Terreo no interior dunha poboación destinado a prados, xardíns e arboredo.

ACV

Análise do Ciclo de Vida. Tempo que transcorre dende que se fabrica un material ata que se degrada totalmente reintegrándose ao ciclo natural.

AENOR

Asociación Española de Normalización e Certificación.

CFC

Clorofluorocarbonos. Compostos químicos que atacan á capa de ozono.

DDT

Potente insecticida, pertencente á familia dos organoclorados. Foi moi utilizado durante as décadas dende os anos 50 aos 70 e posteriormente foi prohibido pola súa alta toxicidade e por ser bioacumulable. Aínda está presente en moitos organismos.

LIC

Lugar de Interese Comunitario

ISO

International Standardization for Organization. Organismo internacional que propón normas, entre elas a ISO 14000 de xestión ambiental.

PVC

Policloruro de vinilo. Un dos tipos máis comúns de material plástico.

ZEPA

Zona Especial de Protección para as Aves

ZEC

Zona de Especial Conservación